

# SAMAÍN E MAGOSTO NO IES AS TELLEIRAS

## VENRES, 28 DE OUTUBRO



Chegou o outono e con el as festas estivais, como o Magosto e o Samaín. Este ano recuperaremos as tradicións e ademais dunha degustación de castañas, celebraremos actividades durante a mañá para conmemorar ambas as festividades.

De 08:30 a 10:10 haberá clases, mais a partir do primeiro recreo realizaranse as seguintes actividades para todos os cursos a excepción de 2ºBACH\*:

	1ºESO / 2ºESO/ 3ºESO	4ºESO/ 1ºBACH
10:30-11:20	Concurso de Portas Fúnebres	Concurso de epitafios
11:20- 12:10	Degustación de castañas no patio	Concurso de epitafios
12:10:12:30	Tempo de lecer	Tempo de lecer
12:30-13:20	Concurso de Portas Fúnebres	Degustación de castañas no patio
13:20- 14:10	Deliberación do xurado	Deliberación do xurado
	(Poden organizarse distintos xogos)	(Poden organizarse distintos xogos)

Tanto no concurso de Portas Fúnebres como no de Epitafios concederáse un premio por nivel: premiarase a orixinalidade, a creatividade e o mellor acabado. Os epitafios deberán colocarse tamén nas portas para que sexan valorados polo xurado.

Ademais, celebrarase un **concurso de cabazas** e un **concurso de relatos curtos de ultratumba** e durante toda a semana haberá unha exposición de libros de terror na biblioteca do IES "**Mestr@s do terror**". ÁS 10:00 h entregaranse os premios á mellor cabaza e ao mellor relato curto de ultratumba para os alumnos participantes, que acudirán ao vestíbulo onde se fará a entrega dos premios.

### NOTA IMPORTANTE

**O alumnado estará acompañado en todo o momento polo profesor ou profesora correspondente.**

**\* O alumnado de 2º de Bach poderá degustar as castañas no segundo tempo de lecer.**

**Grazas pola vosa colaboración!**

*Actividade coordinada polo EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BIBLIOTELLEIRAS E VICEDIRECCIÓN do centro.*